



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTENOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

NÚM. 15/2011

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. Javier Jorge Castiñeira.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D. Manuel Pavón López. D^a Mercedes Josefina González Alonso. D^a María Teresa López Rego. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María García Rivera. D. José Ramón Val Alonso. D^a Rosa María Pérez Gradaille. D. Enrique Cotarelo García. D. Jaime Cancio Rodríguez. D^a Ana María López Campoamor. D^a María Ángeles Veiga Varela. D. Xan Carlos González Basanta.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA- en réxime de acumulación</u> D^a Ana Ramos Ramos.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 22:45 horas do vintenove de decembro de 2011, baixo a presidencia de D. Javier Jorge Castiñeira, e asistido pola secretaria da Corporación en réxime de acumulación, D^a Ana Ramos Ramos, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	---

1.-DESEÑO, ELABORACIÓN E CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA DUN PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL ONDE SE CONTEMPLAN AS MEDIDAS EXPOSTAS PARA O ANO 2012.

O Sr. Alcalde abre o turno de debate dando a palabra ao grupo municipal PSOE, un dos grupos asinantes da solicitude de pleno extraordinario, obxecto da presente sesión.

O Sr. Rivera, voceiro do PSOE afirma en síntese que o paro incrementouse dende que governa o actual equipo de goberno e ademais a poboación reduciuse neste período de goberno, e o motivo argumenta é pola contratación que se está a facer de empresas externas que se sabe como fan a facturación e os veciños de Foz padecen o paro. Empresas de xardinería e de limpeza de beirarrúas de fora e os veciños de Foz vendo como aumentan os parados. Xente dos obradoiros de emprego que deberían de ser contratados de forma prioritaria que non se están contratando. Hai que actuar para non encontrarse en breve con moitos máis casos de paro. O primeiro plan de emprego do ano 2010 fixoo o concello de Foz dando traballando a 30 persoas que foi calificado polo Sr. Alcalde de contratos basura. Os cartos hai que gastalos ben gastados. As mulleres e a xuventude que están parados non entenden de política, igual que o resto dos parados e o que queren e traballar. Para sacar adiante este asunto se convocou aos tres grupos da oposición. Este pleno e o asunto que o



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

motiva ten suficiente importancia como para non facerse a esta hora e tratalo así non é de recibo, nin favorece a democracia e merece convocar un pleno extraordinario a parte, xa que non se vai a cobrar nada por acudir a este Pleno segundo xa ten manifestado.

O Sr. Cancio, asinante da solicitude do presente Pleno e voceiro do grupo UNIFOZ, manifesta en síntese a súa queixa igualmente por tratar este pleno a esta hora e non convocar un pleno expresamente con tempo e quere saber o que contestou a Xunta de Galicia sobre a consulta que o Sr. Alcalde fixo sobre a convocatoria deste pleno. Entende que este plan non resolve nada definitivamente e non vai a crear emprego estable, pero resolverá algo á xente que non ten traballo. Aquí nin se cubren as baixas do persoal, nin se contrata persoal, contrátase con empresas. O plan que se trae a aprobación ten 8 puntos e pretende non facer cursillismo senón formación; a bolsa de emprego ten que dinamizarse a medio do orientador e do axente de emprego; o obradoiro de emprego tamén para maiores e favorable, e así entre outros analizando cada un dos puntos de que consta o plan. Este plan afirma que lle gustaría fora aprobado.

O Sr. Basanta do grupo municipal BNG, afirma en síntese que hai xente a quen non lle interesa que se reduza o desemprego e da lectura a notas dun libro de Carlos Solchaga, ex ministro de economía, reiterando a afirmación feita. Políticas de destrución de emprego foron as que se levaron a cabo polos partidos responsables, PP e PSOE, porque se pretendía satisfacer aos mercados e ao sistema financeiro, diminuindo o custo do traballo, incrementando a precarización do traballo, e aumentou o traballo temporal, entre outras, producíndose cada vez máis paro. Políticas deflacionistas tendentes a reducir salarios, reducindo o gasto social, impedindo crear postos de traballo dignos e reducindo o consumo, estarase en recesión durante moito tempo deste xeito, e conseguirá arruinar ás PEMES, e todo isto depende das decisións políticas beneficiando as rendas do capital e perxudicando as rendas do traballo. Poderase sacar esta proposta de plan de emprego para adiante pero o fondo do problema non se vai solucionar, porque a iniciativa privada non e quen de crear emprego e son necesarias outras políticas sen as que non se vai solucionar este tema.

O Sr. Alcalde toma a palabra indicando en síntese que o debate é moi xeneralista pero hai que ir ao fondo da cuestión. Esta alcaldía convocou este pleno debidamente solicitado porque a lei así o establece, pero estase a tratar de competencias de alcaldía as que se pretenden tratar nesta sesión plenaria, e o equipo de goberno non pode permitir que os grupos da oposición se entrometan nas competencias de alcaldía, e afirma que xa o saben porque cando gobernaban estes grupos solicitantes do pleno así o facían, e non admitían que se entrometeran en funcións de alcaldía os grupos da oposición.

Consultouse aos servizos xurídicos municipais sobre estes puntos da orde do día, para coñecer se os asuntos incluídos na solicitude que recollen os asinantes era ou non competencia de alcaldía e igualmente se fixo unha consulta á Dirección Xeral de Administración Local que acaba de ter constestación a medio de informe que se pasa a ler.

“ASUNTO: Informe sobre a solicitude de convocatoria dun Pleno Extraordinario no Concello de Foz .

Con data 27 de decembro de 2011 rexistrouse de entrada no Concello de Foz un escrito firmado por Jaime Cancio Rodríguez, Ana María López Campoamor, José Ramón Val Alonso e Ángeles Veiga Varela, todos eles concelleiros da Corporación Local do Concello de Foz, e integrantes de UNIFOZ e PSdeG-PSOE, no que se recolle o seguinte:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

"(...)É necesario a urxente posta en marcha dun PLAN DE EMPREGO, no que se contemplan varios aspectos fundamentais:

- 1.Posta en marcha de actividades de formación orientadas á demanda do mercado laboral.*
- 2.Reorganización do funcionamento da Bolsa de Emprego Municipal.*
- 3.Posta en marcha dun obradoiro de emprego, para a realización de proxectos de interese municipal que xeneren riqueza para o futuro do noso pobo.*
- 4.Convocatoria de prazas de carácter temporal- eventual por circunstancias da produción, para reforzar servizos municipais cunha duración determinada ao servizo a realizar.*
- 5.Posta en marcha de locais e servizos para o estímulo a emprendedores, con asesoramento administrativo e xurídico.*
- 6.Posta en marcha de plan de emprego para xóvenes con titulación para inserción no mercado laboral mediante contrato en prácticas e convenios coas empresas da comarca.*
- 7.Elaboración de bases de selección nas que se contemple, a antigüidade en desemprego e a situación socio- familiar.*
- 8.Deseño de plan de acción para estimular a instalación de novas empresas no polígono industrial de Fazouro.*

Por todo o anteriormente exposto, SOLICITAMOS A CONVOCATORIA DUN PLENO EXTRAORDINARIO, no que se inclúa como orde de día o seguinte:

- Deseño, elaboración e consignación orzamentaria dun Plan de Emprego Municipal onde se contemplan as medidas expostas para o ano 2012.*
- Constitución dunha comisión formada por representantes dos grupos políticos da corporación para deseño, elaboración e seguimento do Plan de Emprego Municipal".*

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Constitución Española de 1978

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO. *O artigo 23.1 da Constitución Española recolle o dereitos dos cidadáns de participar nos asuntos públicos de forma directa ou por medio de representantes libremente elixidos nas eleccións periódicas por sufraxio universal.*

SEGUNDO. *O artigo 46.2 da Lei de Bases de Réxime Local recolle a posibilidade de convocar unha sesión extraordinario do Pleno cando así o decida o Presidente ou o solicite a cuarta parte, como mínimo, do número legal de membros da Corporación, sin que en ningún*



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

caso un concelleiro poida solicitar máis de tres anualmente. O Pleno non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que fora solicitado, quedando automaticamente convocado para o décimo día hábil seguinte ó da finalización de dito prazo, ás doce horas, senon fose convocado no prazo anterior.

TERCEIRO. *Os artigos 21 e 22 da Lei de Bases de Réxime Local regulan as competencias do Alcalde e do Pleno, respectivamente. O artigo 21.1.c) recolle a competencia do Alcalde para convocar e presidir o Pleno.*

CUARTO. *Os artigos 23 e 24 do ROF recollen as competencias atribuídas ao Pleno e ao Alcalde respectivamente.*

QUINTO. *Os artigos 123 a 126 do ROF regulan o funcionamento e composición das Comisións Informativas nos concellos.*

SEXTO. *O artigo 78.2 do ROF sinala que:*

“Son sesións extraordinarias aquelas que convoque o Alcalde ou Presidente, por iniciativa propia ou a solicitude da cuarta parte, como mínimo, do número legal de membros da Corporación. Tal solicitude farase por escrito no que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, firmado persoalmente por todos os que a suscriben.

A relación de asuntos incluídos no escrito non enerva a facultade do Alcalde ou Presidente para determinar os puntos do orde do día, se ben a exclusión de éste de algún dos asuntos propostos deberá ser motivada”.

Exposto todo o anterior, o director xeral de Administración Local informa da obriga de convocar o Pleno, sempre que se cumpra co recollido no artigo 46.2 da LRBRL. A convocatoria do Pleno será feita polo Alcalde, e recollera a orde do día, que no suposto obxecto de estudio pretende incluír os puntos anteriormente citados. En relación aos cales cabe mencionar que o punto primeiro: “deseño, elaboración e consignación orzamentaria dun PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL”, é unha competencia atribuída ó Alcalde segundo se desprende do recollido no artigo 21 da LRBRL, que lle adxudica entre outras, a función de aprobar a oferta de emprego público, así coma todas aquelas que non se atribúan por Lei a outros órganos municipais. Así pois, o dito punto non podería ser votado polo Pleno do concello xa que non sería o órgano competente en relación coa materia.”

En Santiago de Compostela, a 23 de decembro de 2011

O director xeral de Administración Local

José Norberto Uzal Tresandí”



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Sr. Alcalde sobre a posta en marcha de actividades de formación orientadas á demanda do mercado laboral e reorganización do funcionamento da Bolsa de Emprego Municipal afirma que son competencias de alcaldía que ademais se están facendo. Sobre a Posta en marcha dun obradoiro de emprego, para a realización de proxectos de interese municipal que xeneren riqueza para o futuro do noso pobo, afirma é competencia de alcaldía claramente

A convocatoria de prazas de carácter temporal-eventual por circunstancias da produción, para reforzar servizos municipais cunha duración determinada ao servizo a realizar, e igualmente unha competencia do Alcalde

A posta en marcha de locais e servizos para o estímulo a emprendedores, con asesoramento administrativo e xurídico e a posta en marcha de plan de emprego para xóvenes con titulación para inserción no mercado laboral mediante contrato en prácticas e convenios coas empresas da comarca, estase a facer e houbo traballadores en prácticas no concello en turismo e por convenio coa consellería de educación para prácticas de alumnos dos centros de ensino, prácticas que se fixeron nas oficinas xerais e na concellería de cultura.

A elaboración de bases de selección nas que se contemple, a antigüidade en desemprego e a situación socio-familiar, e clarísimamente unha competencia de alcaldía

O deseño de plan de acción para estimular a instalación de novas empresas no polígono industrial de Fazouro. En definitiva todas elas claramente competencias da alcaldía que ademais en moitos dos casos indicados xa se están desenvolvendo.

O Sr. Alcalde tendo en conta o que antecede, anuncia que este punto queda retirado da orde do día e afirma que o concello en temas laborales está traballando e se os grupos da oposición queren, que fagan un rogo, pero non se pode caer no erro de pretender que os grupos da oposición interfiran nas competencias de alcaldía dende o pleno. As competencias de cada órgano están establecidas na lei e os rogos son a forma que se lles habilita para propoñer un plan de emprego á alcaldía e se valorará a súa conveniencia e oportunidade pero sempre a medio de presentación de un rogo. O que non se pode facer é interferir en competencias de alcaldía.

O Sr. Rivera solicita a palabra e o Sr. Alcalde denega a solicitude porque se trata dun punto que está xa retirado da orde do día. O Sr. Basanta igualmente solicita intervir.

O Sr. Rivera pregunta á Secretaria se non cabe no debate un turno de réplica por alusións do Alcalde ao que a Sra. Secretaria municipal contesta que o debate é moderado polo Sr. Alcalde e é él quen autoriza as intervencións.

O Sr. Cancio solicita a palabra sobre a eliminación do punto da orde do día, que igualmente é contestado polo Sr. Alcalde que o asunto está retirado da orde do día e non se autoriza a intervención.

O Sr. Alcalde reitera que este punto está fora da orde do día e o que terían que valorar antes os grupos asinantes da solicitude de Pleno, era que se interferían competencias de Alcaldía.

Con manifestacións de queixa por non ser autorizadas as intervencións solicitadas abandonan o salón de sesións os concelleiros dos grupos municipais PSOE e UNIFOZ. As manifestacións efectuadas polo Sr. Rivera no momento de levantarse da sesión son obxecto de tres amonestacións por parte do Sr. Alcalde e a conseguinte expulsión, pero xa o Sr. Rivera abandona o salón no mesmo momento.

O Sr. Basanta afirma que o Pleno é reflexo da soberanía do pobo e que as intervencións deberían de permitirse, moderadas da forma que o Alcalde estime conveniente.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

2.-CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN FORMADA POR REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLITICOS DA CORPORACIÓN PARA DESEÑO, ELABORACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.

O Sr. Alcalde da lectura ao literal do informe emitido pola Dirección Xeral de Administración Local na parte correspondente a este segundo punto da orde do día, no seguinte senso:

“...Con respecto o segundo punto:”constitución dunha comisión formada por representantes dos grupos políticos da Corporación para deseño, elaboración e seguimento do PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL”,entendemos que se estaría a falar dunha Comisión Informativa, sin atribucións resolutorias, que tería por función o estudio, informe ou consulta dos asuntos que deben de ser sometidos ao Pleno ou a Xunta de Goberno.Neste suposto, o asunto obxecto de estudio, non sería competencia do Pleno, polo que si constitúe dita comisión, na práctica podería quedar valdeira de contido, xa que como se sinala anteriormente, a competencia en materia de elaboración de Plans de Emprego correspóndelle ao Alcalde ou Presidente da Corporación.”

O Sr. Basanta do grupo municipal BNG, abandoa neste momento, sendo as 23.33 horas, o salón de sesión manifestando que non considera que este sexa un pleno por falta dos grupos que xa abandonaron anteriormente o mesmo.

O Sr. Alcalde somete o asunto a votación, rexeitándose o mesmo por:

VOTOS A FAVOR: ningún.

VOTOS EN CONTRA: 5 PP

ABSTENCIÓNS: ningunha

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e 35 minutos do vintenove de decembro de 2011, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: Javier Jorge Castiñeira.